



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-1

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

12 de Xaneiro de 2023

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:05

Hora de Finalización

10:14

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
DANIEL DE DIOS MANSO
EMILIO JOSE COSTA GARCIA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ
XOSE BARXA BRANCO

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 01.12.2022 (ACTA 2022/8)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia; coa abstención dos non asistentes.

2º. AGRUPACION DE CONCELLOS, SEN PERSONALIDADE XURIDICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIONES DE MELLORA DO SANEAMENTO NO CURSO ALTO DO RIO TAMEGA. ACORDOS QUE PROCEDAN SOBRE INTEGRACION DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL NA AGRUPACION E APROBACION DO PROXECTO DE CONVENIO REGULADOR DA MESMA.

O Sr, Alcalde inicia o tratamento deste punto da orde do día, explicando aos presentes a iniciativa do Concello de Verín de crear unha agrupación de concellos coa finalidade de concorrir a unha liña de subvencións para a realización de proxectos e actuacións de mellora das redes de saneamento nos concellos que obteñan a condición de beneficiarios; iniciativa froito da necesidade de contar cunha poboación afectada de 20.000 habitantes, cifra que o concello de Verín non alcanza.

Continúa decindo que unha consultora contratada polo Concello de Verín, redactou unha proposta de "**Convenio que regula la agrupación de ayuntamientos para desarrollar**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

actuaciones de mejora del saneamiento en el curso alto del río Támega”; proposta á que se lle foron facendo unha serie de modificacións por parte dos distintos concellos.

Explícase tamén que a **competencia** do acordo a adoptar corresponde ao **Pleno**; e de conformidade co **Art. 47.2.g)** da **LRBRL**, requírese **maioría absoluta**.

Aberto un turno de intervencións, non se produciron.

Tralo que o Pleno, por **unanimidade** dos nove membros (6 **PSdeG-PSOE**, 2 **PP** e 1 **BNG**) que legalmente o forman, ao considerar conveniente para os intereses municipais integrarse nunha Agrupación de municipios para concorrir a unha liña de subvencións con destino á execución de proxectos para a mellora dos sistemas de saneamento dos solicitantes,
ACORDA:

PRIMERO: Aprobar a adhesión do Concello de Castrelo do Val á “**Agrupación** de ayuntamientos para desenvolver actuacións de mejora del saneamiento en el curso alto del río Támega”.

SEGUNDO: Consecuentemente, **aprobar o “Convenio** que regula la agrupación de ayuntamientos para desenvolver actuacións de mejora del saneamiento en el curso alto del río Támega” nos termos certificados do documento obrante no expediente.

TERCEIRO: Aceptar a **participación** do Concello de Castrelo do Val no **proxecto “Futuro Verde do Alto Támega”**, ou calquera outra denominación que dito proxecto poida tomar e **presentarse ás axudas** convocadas pola **Orden TED/934/2022**, do 23 de setembro (BOE núm. 235, do 30 de setembro de 2022)

CUARTO: Aprobar a financiación proposta no Convenio, **asumindo o compromiso derivado** para este concello no cadro financeiro; a saber: primeira anualidade: 4.050,00 euros; segunda anualidade: 6.075,00 euros; e terceira anualidade: 6.075,00 euros. Para o que, chegado o caso, adoptaranse as disposicións presupostarias necesarias en cada exercicio.

QUINTO: Designar **como representante da Agrupación** á persoa que ostente a condición de **alcalde(sa) do Concello de Verín**, pola súa condición de tal; no momento actual, D. Gerardo Seoane Fidalgo.

SEXTO: Designar ao **Sr. alcalde D. Vicente Gómez García como representante do Concello** de Castrelo do Val na **Agrupación de municipios, sen personalidade xurídica** que se constitúe

SÉPTIMO: **Facultar** expresamente ao titular da Alcaldía para a **sinatura do convenio** e restante documentación; especialmente o **protocolo ou protocolos notariais** necesarios.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

